



DECRETO. Aprobación das Bases de participación Obradoiros de Nadal 2019

Logo de ver a proposta efectuada pola Concelleira Delegada de Educación e Deporte con data 27 de novembro de 2019, pola que solicita a aprobación das Bases de participación nos Obradoiros de Nadal, **RESOLVO:**

Primeiro: Prestar aprobación ás citadas Bases.

BASES PARTICIPACIÓN

1º) A Concellería de Educación e Deporte do Concello de Sada organiza os Obradoiros de Nadal, que é unha oferta gratuita de actividades de lecer durante este periodo non lectivo para rapaces e rapazas nados entre o 2015 e o 2007.

2º) Ofértanse un total de 50 prazas para **participantes empadroados/as en Sada** (comprobarase de oficio). Reservaranse até un 10% de adxudicación directa desas prazas a participantes derivados dos Servizos Sociais municipais previo informe favorable dos técnicos/as con competencias nesa área.

3º) As datas de celebración serán os días 23, 26, 27, 30 de decembro e 2, 3 de xaneiro en horario de 08.45-14.00 h. O espazo elixido para estes obradoiros serán as instalacións do CEIP Pedro Barrié de la Maza (Mondego).

Os/as solicitantes poden inscribirse no total dos días ofertados ou de forma individual nos que consideren. Isto non influirá á hora do sorteo.

4º) O prazo de inscrición abarcará dende o día **28 de novembro até o 15 de decembro.**

5ª) Formas de inscrición:

- Entregando a folla de inscrición na Oficina da Xuventude
- Cubrindo o formulario online que estará dispoñible na web municipal www.sada.gal

6º) Se houberse máis solicitudes que prazas, celebrarase un **sorteo público** entre todas as recibidas o día **16 de decembro ás 10.00 h.** na Oficina da Xuventude. Establecerase unha listaxe de agarda para aquelas solicitudes que no sorteo non obtiveran praza e que poderán ser chamadas segundo haxa renuncias. No suposto caso de realizar sorteo, irmáns e irmás inscribírannse na mesma solicitude coa adxudicación do mesmo número no sorteo.

7º) Publicación de listaxe de admitidos/as e listaxe de agarda (no caso de realizar sorteo): **18 de decembro** na web municipal e fisicamente na OMIX.

8º) Co obxectivo de difundir esta campaña en vindeiras convocatorias e tamén garantir os principios de transparencia, accesibilidade da información e veracidade (artigo 2 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno), recolleranse gravacións en video e fotografías das persoas participantes nos OBRADOIROS DE NADAL, as cales poderán ser empregadas para noticias contidas en xornais, publicacións e mesmo divulgadas tanto a través de servizos da sociedade da información como na páxina web do Concello de Sada.

9º) A participación nos **OBRADOIROS DE NADAL 2019** implica a aceptación destas bases.

Segundo: Ordenar a súa publicación na paxina web do Concello, nos taboleiros informativos do Concello e na Oficina da Xuventude, así como a continuación dos trámites sucesivos.